

## C.F.S.F O PINO – CONCELLO DE PONTECESO

Partido correspondente a la 9ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó C.F.S.F. O Pino e ó Concello de Ponteceso, encontro disputado o sábado 27 de novembro ás 20:00 horas no Pabillón C.P.I. O Pino., que finalizou co resultado de 6-0 a favor do equipo local.

### ALINEACIÓNS:

C.F.S.F O PINO.- Belén, María, Bea, Laura e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Milagros, Cecilia, e Vanesa.

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Iria, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, Martina e Tamara.

### GOLES:

1-0 (min. 5) Laura.

2-0 (min. 12) Laura.

3-0 (min. 20) Laura.

4-0 (min. 23) Laura.

5-0 (min. 43) María.

6-0 (min. 48) Laura

Moi mermado viaxou o equipo de Ponteceso a O Pino posto que un virus gripal afectou a 9 xogadoras, polo que soamente viaxaron 8 das que dúas estaban lesionadas, e tendo incluso que xogar uns minutos.

O equipo de O Pino marca as diferencias pola súa xogadora Laura, que neste partido marcou 5 goles e está como pichichi aventaxada no campionato, xogadora de moito nivel que ven de categorías moi superiores.

O Concello de Ponteceso, cun equipo sen apenas cambios, costoulle acostumarse as baixas temperaturas do pabillón, e xa nos descanso perdía por un contundente 4-0, tódolos goles en xogada individual da pivote Laura que foi unha pesadilla para as xogadoras Pontecesas. Xa na segunda parte, o equipo mostrouse máis contundente en ataque coma en defensa, chegando a estrelar dous balóns no pao da portería contraria, aínda que a escased de banquillo fixo que tuveran que dosificarse no esforzo.

A próxima semana O Concello de Ponteceso recibe na casa ó Sobrado Xuv. Panadería Vázquez, xunto co Sada ó un dos mellores equipos da categoría o sábado 4 as 17:00 horas no pabillón municipal de Ponteceso.